

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE ABRIL DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL**, os concelleiros **D<sup>a</sup> MARÍA DOLORES GARCÍA TROITIÑO** e **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCÍONS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**7º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

Non hai asuntos que tratar.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito de Espina&Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 1594, de data 02 de abril de 2008, remitindo análise de control da auga correspondente a billa de consumidor da Praza da Feira (Bandeira) e billa de consumidor da rúa D, nº 11 (Silleda), sendo realizadas as tomas en data 24.03.08, e con resultado de auga apta para o consumo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir este escrito ó departamento de fontanería.

**2.2.-** Escrito de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 1570, de data 02 de abril de 2008, expediente 2007/000011-0, remitindo resolución pola que se concede permiso de inicio de actividade ao Centro Social de Silleda, así como ordenar a anotación do mesmo no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais concedéndolle o nº de identificación VP-0431/0001.

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito.

**2.3.-** Escrito de Dº Antonio Colmeiro Pereiras, Rexistro de Entrada nº 1601, de data 02 de abril de 2008, solicitando alteración de calificación jurídica de terreno que forma un antigo camiño público situado nas proximidades do lugar de Gorís, parroquia de Lamela, entre as parcelas 1481 e 1483 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, cambiando sua calificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, en base os artigos 7.1 e 7.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e segundo o artigo 115 do mencionado Regulamento se acorde a enaxenación a favor do solicitante da parcela sobrante descrita anteriormente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar informe xurídico sobre esta petición.

**2.4.-** Escrito de Dº José Ramón Vázquez Rey, Rexistro de Entrada nº 1555, de data 01 de abril de 2008, no que expón que é propietario dunha vivenda sita no lugar de Cardigonde, nº 44, parroquia de Cortegada, e que unha vez que estase a realizar na mencionada parroquia a traida de augas, solicita cupo para esta traida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente.

**2.5.-** Escrito de Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 1497, de data 31 de marzo de 2008, remitindo resolución do expediente 1478/07, mediante a cal autorízase a sinalización da ruta do románico en Trasdeza.

A Xunta de Goberno Local, acorda quedar enterada deste escrito.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.-** Dase conta da solicitude da empresa Señales Girod, S.L., solicitando devolución de fianza definitiva, por importe de 4.674,99 €, nº de aval 14.232, de data novembro de 2004, correspondente á obra “Sinalización Concello de Silleda”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda solicitar a Señales Girod, S.L., que antes de proceder a devolución do aval, deberán acreditar a execución das obras correspondentes á mellora.

**3.2.-** Dada a necesidade de proceder a contratación do servizo de actividades da Escola de Música Municipal del Concello de Silleda, polo cal impartiranse unha relación de materias musicais especificadas, durante os meses de setembro a xuño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Que se inicie o procedemento de contratación do servizo de actividades da Escola de Música Municipal del Concello de Silleda.

**SEGUNDO.** Que se incorporere ó expediente de contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato, determinándose para a adxudicación do contrato o expediente de contratación urxente e o procedemento negociado sin publicidade.

**TERCEIRO.** Que por parte da Secretaria se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

**CUARTO.** Que por parte do Interventor se emita informe sobre a existencia de consignación suficiente para autorizar o gasto para realizar a contratación referenciada.

#### **4º.- SUBVENCIONES.-**

**4.1.-** Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1495, de data 31 de marzo de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación número dous da obra “Restauración do Antigo Centro de Saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outros servizos para a Terceira Idade”, nº 136/611 do PAM 06-08, e declarar o abono a favor do Concello da cantidade de 40.000,00  
□□□..

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**4.2.-** Escrito do Director Xeral de Saúde Pública - Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 1518, de data 31 de marzo de 2008, remitindo información sobre a convocatoria de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de promoción de estilos de vida saudables nos Concellos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**4.3.-** Dase conta da Orde do 5 de marzo de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a realización de obras de infraestruturas deportivas de titularidade pública ou privada e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2008.

Visto o disposto na citada Orde, e de conformidade co disposto no seu artigo 6.1 b).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar a realización das obras de “Estanqueidad y mejora de iluminación en el pabellón polideportivo de Bandeira (Silleda)” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 38.061,95 €, coas seguintes condicións de financiamento:

Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte: 34.255,76 €

Importe a aportar polo Concello : 3.806,19 €

**SEGUNDO:** Aprobar a realización das obras de “Mellora e equipamento do pavillón de Silleda” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 119.645,36 €, coas seguintes condicións de financiamento:

Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte: 107.680,83 €

Importe a aportar polo Concello: 11.964,53 €

**TERCEIRO:** Aprobar a realización das obras de “Acondicionamento e mellora das piscinas municipais” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 107.062,95 €, coas seguintes condicións de financiamento:

Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte: 96.356,66 €

Importe a aportar polo Concello : 10.706,29 €

**CUARTO:** Aprobar a realización das obras de “Construcción de cubierta para pista de tenis” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 59.260,34 €, coas seguintes condicións de financiamento:

Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte: 53.334,31 €

Importe a aportar polo Concello : 5.926,03 €

**QUINTO:** Aprobar a realización das obras de “Mellora de campos de fútbol de Bandeira, Lamela , Laro” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 48.314,00 euros, coas seguintes condicións de financiamento:

Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte: 43.482,60 €

Importe a aportar polo Concello : 4.831,40 €

**SEXTO:** Aprobar a realización das obras de “Construcción de piscina climatizada” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 1.121.226,80 euros, coas seguintes condicións de financiamento:

Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte:

896.981,44 □□□

Importe a aportar polo Concello : 224.245,36 euros

**4.4.-** Dase conta da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustia, do 28 de febreiro de 2008 pola que se anuncian as axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia.

Visto o disposto no artigo 4.2 a) da citada Orde.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda :

**PRIMEIRO:** Aprobar o proxecto de obras denominado “Melloras nos inmobles e servizos de competencia municipal”, un orzamento total de 79.280,00 □□□

**SEGUNDO:** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos determinados na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustia, do 28 de febreiro de 2008 pola que se anuncian as axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación e mellora das sedes das entidades locais de Galicia.

## **5º.- URBANISMO.-**

**5.1.-** Escrito de D<sup>a</sup> María J. Fondevila Fondevila, Rexistro de Entrada nº 1450, de data 28 de marzo de 2008, expoñendo que no finca nº 271, polígono 2, do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro, no lugar A Pena, parroquia de Saidres, estanse a levar a cabo obras de construción consistentes en destierres, rellenos, apertura de pozo e depósito de diversos materiais de construción, e que a consecuencia desto cortaron a auga do servizo doméstico da vivenda situada na finca nº 270, do lugar A Pena, nº 3, da cal é propietaria, polo que solicita a paralización inmediata das obras, a reparación dos danos causados, levantado o escombros e rellenando os pozos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que emitan o preceptivo informe.

**5.2.-** Dase conta, en relación coa denuncia presentada por Dona Adelina Guerra Gallego en data 19 de decembro de 2.008, con número de rexistro 7935, relativa á existencia dun establo sobre a finca nº 28 da parroquia de San Fiz, propiedade de Dona Carmen Abeledo Míguez, do informe número 100/08 emitido pola Policía Local en data 2 de abril de 2.008, que literalmente di o seguinte:

*“En cumplimiento del acuerdo adoptado por la Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada el día 29 de febrero de 2.008, es girada visita de inspección, el día 2 de abril de 2.008, por los agentes de esta Policía Local con número de identificación P-SLL-5 y P-SLL-6, en la explotación agrícola sita en San Fiz nº 28, Margarid (Silleda), propiedad de DOÑA CARMEN ABELEDO MÍGUEZ, vecina del mismo lugar, a fin de determinar si se han realizado obras de conservación o reforma sin licencia municipal, se ha comprobado que en*

*la mencionada explotación agrícola no se ha realizado recientemente obra alguna, y atendiendo a su aspecto exterior, todas las contrucciones aparentan una antigüedad superior, al menos, a los 10 años”*

Comprobado, segundo consta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2.008, que a explotación agrícola e gandeira titularidade de Dona Carmen Abeledo Míguez foi recoñecida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de maio de 2.004, ós efectos establecidos pola disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Comprobado, conforme ó informe da Policía Local transcrito, que tal explotación agrícola e gandeira non foi obxecto de obras de conservación, reforma ou ampliación algunha.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que non procede iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística respecto da explotación gandeira titularidade de Dona Carmen Abeledo Míguez, sita en San Fiz nº 28, Margarid (Silleda), por adecuarse á mesma ó disposto na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**5.3.-** Dase conta do informe da Policía Local número 101/08 de data 3 de abril, que literalmente dí o seguinte:

“En cumplimiento del acuerdo adoptado por la Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada el día 19 de diciembre de 2.007, es girada visita de inspección, el día 3 de abril de 2.008, por los agentes de esta Policía Local con número de identificación P-SLL-4 y P-SLL-6, en la finca sita en Cacho Freixende, O Castro (Silleda), propiedad de D. José Salgueiro Pérez, vecino de Outeiro, Negreiros, a fin de determinar si se está realizando obra o actividade, se ha comprobado que en la mencionada finca no se ha realizado recentemente obra alguna, y atendiendo a su aspecto, aparenta no haberse realizado en varios años.”

Visto que por D. José Salgueiro Pérez foron realizadas en decembro de 2.003 obras de excavación e recheo en solo rústico na finca denominda Cacho Frexende, en O Castro, sin axustarse á licenza concedida en data 30 de setembro de 2.003 pola Comisión de Goberno e carecendo da preceptiva autorización autonómica.

Vista a necesidade de que por D. José Salgueiro Pérez se proceda á restitución e reposición da finca o seu estado anterior.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada el día 19 de diciembre de 2.007 acordouse considerar anulada, de conformidade co disposto no fallo da sentenza dictada en 18 de xullo de 2.005 polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra, a licenza de actividade así coma tamén a licenza de obra concedida a D. José Salgueiro Pérez por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2.003.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Que polos servizos técnicos municipais se emita informe sobre a situación actual da finca sita en Cacho Freixende, O Castro (Silleda), propiedade de D. José Salgueiro Pérez, e sobre as medidas que por éste deben ser adoptadas para repoñer tal finca o estado no que se atopaba antes de que se iniciaran na mesma obras de excavación e recheo do terreo.

**5.4.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 1568, de data 02 de abril de 2008, indicando que estanse a realizar traballos de excavación e acondicionamento de terreo para a construción de varias sepulturas no cemiterio parroquial de Saidres, no recinto da Igrexa Parroquial, a cal aparece recollida no Inventario de Patrimonio Histórico-Artístico por concellos das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais e a tenor da Disposición Adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, atópase incluída no Inventario Xeral do Patrimonio cultural de Galicia e suxeita ó Réxime Xeral de protección e conservación recollido no Título II da antedita Lei 8/1995. Indica asimesmo que a construción das sepulturas no cemiterio de dita igrexa carece da preceptiva autorización da Consellería de Cultura, polo que á vista dos sinalados antecedentes deberase proceder á paralización cautelar das obras, en tanto non se adopten as medidas axeitadas cara á restitución da legalidade, e que se achegue informe das circunstancias nas que se fixeron estas intervencións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO:** Dar orde á Policía Local para que proceda a paralizar cautelarmente as obras e emita informe das circunstancias nas que se realiza tal intervención.

**SEGUNDO:** Que se emita informe polos Servizos Técnicos, ós efectos de comprobación, por si procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística.

**TERCEIRO:** Notificar ó presente acordo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

#### **5.5.- Licencia de primeira ocupación**

Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos municipais en data 03 de abril de 2.008, en virtude do cal, se constata que as obras efectuadas na Rúa Estrada da Estación, s/n (Silleda) se executaron de conformidade co proxecto e condicións da licenza nº 2632/05 concedida a OBRATEC, OBRAS TÉCNICAS DE GALICIA, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2.005, (e posterior corrección de erros por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de novembro de 2005) para a realización de edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para garaxe e local comercial, catro plantas para 32 vivendas (V.P.A.) e planta baixo cuberta para trasteiros, e que resulta apto para a súa posta en uso.

Visto que de conformidade co disposto nos artigos 21.2 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, está suxeita a previa licenza a primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.

Visto o disposto no artigo 195.6 da lei 9/2002 LOUPMRG.

Visto que o órgano competente é a Sra. Alcaldesa, segundo dispón o artigo 21.1q) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local; competencia que, en virtude de Decreto de data 6 de xullo de 2007, foi delegada na Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Conceder a OBRATEC, OBRAS TÉCNICAS DE GALICIA, S.L. licencia de primeira ocupación do edificio sito na Rúa Estrada da Estación s/n (Silleda), autorizando a posta en uso do mesmo, toda vez que, da documentación que figura no expediente e do informado polos Servicios Técnicos municipais, quedou acreditado que as obras executadas se corresponden co proxecto da licencia de obra maior nº 2632/05.

Segundo: Aprobar a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, de onde resulta un total de 564,60 euros.

#### **5.6.- Actividades Clasificadas:**

**5.6.1.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>a</sup> DELFINA e D<sup>a</sup> ESPERANZA SOFÍA PEREIRA PEREIRAS, en virtude de instancia nº 1095 de data 04 de marzo de 2008, solicitando Licencia para construción dun panteón de tres nichos, a situar no cemiterio parroquial de Vilar (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico D<sup>o</sup> José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 07 de febreiro de 2008.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 10 de marzo de 2008.

Visto, o Decreto 134/98, de 23 de abril, de normativa de Policía Sanitaria Mortuoria.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1095/08 instada por D<sup>a</sup> DELFINA e D<sup>a</sup> ESPERANZA SOFÍA PEREIRA PEREIRAS, para a construción dun panteón de tres nichos, a situar no cemiterio parroquial de Vilar (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, e á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, para que emitan informe previo á concesión da licencia de obra solicitada.

**5.6.2.-** Licencia Nº 5383/06. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>o</sup> Javier Tato Arca, en representación de INSTALVENPU, S.L., solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local (local J) para dedicalo a taller de carpintería de aluminio e PVC, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no



lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en Sesión 7-marzo-2002, as parcelas son as números 1, 2 e 3 da mazá nº 7.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 21 de xuño de 2007, (Rexistro de Entrada nº 2914, de data 25 de xuño de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, S.C.D. e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A traballar coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada. Ao cumprimento da normativa vixente en materi de contaminación acústica. O equipo/dispositivo de ventilación/climatización estará dotado de illamento acústico e elementos antivibratorios, contará con sistemas de ralentización da velocidade da saída do aire viciado. Todo o equipamento-maquinaria dotada de motores-compresores, contará con illamento acústico e elementos amortiguadores das vibracións. Xestionará tódolos residuos xerados na actividade con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e conforme se recolle na normativa vixente. (Pvc, recortes de perfís, residuos de envases-ambalaxes, ...).

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**5.6.3.-** Licencia Nº 6896/07. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARGARITA BERNÁRDEZ MATOS, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a mercería, a situar na rúa José Antonio,

nº 18, baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 11 de marzo de 2008, (Rexistro de Entrada nº 1360, de data 18 de marzo de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, S.C.D. e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

## **6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

**6.1.-** Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D<sup>a</sup> Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen García Sánchez, con domicilio no lugar de Sar, parroquia de Escuadro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen García Sánchez.

**6.2.-** Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D<sup>a</sup> Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria,

correspondente a Dº Aladino Varela Salvador, con domicilio no lugar de Alfonsiños, nº 9, parroquia de Cervaña (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de Dº Aladino Varela Salvador.

**6.3.-** Dase conta do informe elaborado pola asistente social do Concello, Dona Mª Celia González Peteiro, de data 15 de febreiro de 2.008, polo que se propón a esta Xunta de Goberno Local que, dado o volume de traballo existente no departamento de servizos sociais se fixe un horario diario de atención ó público de luns a xoves de 9:00 a 14:00 horas, deixando as horas de 8:00 a 9:00 e de 14:00 a 15:00 para a realización de expedientes e informes sociais e os venres para a realización das visitas domiciliarias e a execución do traballo interno.

Considerandose que é máis axeitado que o horario de atención ó público se fixe de luns a venres de 10:00 a 15:00 horas, permitindo que a asistente social dispoña de dúas horas seguidas, de 8:00 a 10:00 horas para a realización de expedientes e informes.

Considerando que convinte reservar os venres para a realización das visitas domiciliarias e a execución do traballo interno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar un novo horario de atención ó público no departamento de Servizos Sociais, de luns a venres de 10:00 a 15:00 horas, ós efectos de facilitar a elaboración e xestión de expedientes, a elaboración de informes e a realización das visitas domiciliarias que competen o devandito departamento.

**6.4.-** Dase conta do informe elaborado pola asistente social do Concello, Dona Mª Celia González Peteiro, de data 15 de febreiro de 2.008, polo que se propón a esta Xunta de Goberno Local, en relación á prestación do servizo de axuda a domicilio municipal, que se elabore un cadro de turnos das auxiliares de axuda a domicilio para que se poda prestar o servizo en horario de mañá e de tarde , incluíndo os fins de semana.

Visto que , debido a que o servizo é prestado únicamente por catro auxiliares de axuda a domicilio, non é posible a prestación do servizo durante as tardes e os fins de semana

A Xunta de Goberno local, por unanimidade, acorda manter a prestación do servizo de axuda a domicilio de luns a venres cos horarios actuais, sen introducir modificación algunha.

## **7º.- INTERVENCIÓN.-**

**7.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00014-08, de data 04 de abril de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 920,06 € (Relación en Anexo adxunto).

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,